

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ PARA INSTAR ÁS ADMINISTRACIÓNS RESPONSABLES Á MELLORA DAS VÍAS DE COMUNICACIÓN DA MARIÑA**

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión no **PLENO**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nos últimos días, o xa coñecido déficit na comunicación por estrada na Mariña, veuse acrecentado polo corte ao tráfico da estrada N-642, debido á gran fochanca aparecida na entrada de Burela dende Foz. Isto supuxo que os usuarios da devandita estrada soportasen importantes demoras nos seus desprazamentos, con elevado impacto social e económico para unha comarca de 70.000 habitantes.

O desvío provisional por Rúa, autorizado nun principio, foi cerrado posteriormente debido as malas condicións de seguridade, fundamentalmente para o tráfico de camións e autobuses, quedando como única alternativa de comunicación a estrada LU-161 que conecta Viveiro e Ferreira. A última hora do domingo prodúcese a apertura ao tráfico dun carril da estrada, con regulación por semáforo.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que existe unha débeda histórica coas infraestruturas da Mariña. Ademais, as demandadas construcións da Autovía A-74 e da Vía da Alta Capacidade da Costa Norte GC-2.3, foron esquecidas polos diferentes gobernos, e ano tras ano vemos como os orzamentos dos mesmos se esquecen destas obras. Consideramos lamentable que unha rotura na N-642 deixe practicamente incomunicada toda a Mariña, por carecer de alternativas rápidas e seguras por estrada.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes

### **ACORDOS:**

1. Instar ao Goberno Central a unha rápida reparación da N-642, que posibilite a recuperación total do tráfico na mesma.
2. Instar ao Goberno Central a activación da construción da autovía A-74, para paliar o importante déficit nas comunicación por estrada na Mariña Central e Occidental.

3. Instar á Xunta de Galicia ao remate da construción da Vía da Alta Capacidade da Costa Norte GC-2.3, para paliar o importante déficit nas comunicación por estrada na Mariña Occidental.

4. Trasladar esta moción a tódolos Concellos da Mariña e tamén a Mancomunidade de Concellos, para que valoren solicitar ao Goberno Central e á Xunta de Galicia o cumprimento dos devanditos puntos anteriores.

En Alfoz, a 27 de xaneiro de 2023

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'E. Maseda Paz', written in a cursive style.

Asdo. Efigenia Maseda Paz  
Voceira do Grupo Municipal de Via Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz